


**XOSÉ
MARÍA
ÁLVAREZ
BLÁZQUEZ**

ACTIVIDADES TERCEIRO CICLO



**DÍA DAS LETRAS
GALEGAS
2008**

Xosé María Álvarez Blázquez



A colección POMBAL, de Edicións Castrelos, estivo destinada á recuperación e coñecemento dos clásicos da literatura galega aínda que, posteriormente, pasou a publicar autores contemporáneos.



letrasgalegas2008

primaria
3º ciclo

O escritor Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevedresa de Tui o catro de febreiro de 1915.

Con quince anos, comezou a escribir e a publicar poemas en xornais de Pontevedra e Tui e, aos dezaseis, principia os seus estudos de Maxisterio en Pontevedra, onde funda a revista literaria *Cristal* que terá unha duración dun ano. Unha vez rematados os seus estudos, obtén o seu primeiro destino de mestre na Garda (Pontevedra) e, posteriormente, é destinado a Tui.

Pola súa militancia política, foi membro do Partido Galeguista, no que tamén militaban Alfonso Castelao e Alexandre Bóveda, foi desterrado a Coreses, Zamora.

Ao remate da Guerra Civil e despois de facer o seu servizo militar no Hospital Militar de San Caetano, en Santiago, montou, xunto cos seus irmáns, unha fábrica de ladrillos e tellas en Nigrán, Pontevedra.

Casa, no 1945, con María Luísa Cáccamo, coa que terá seis fillos.

Durante estes anos o seu traballo literario é moi grande: queda finalista do Premio Nadal de Literatura, estreou dúas obras de teatro, fundou a librería Monterrey, foi nomeado membro da Real Academia Galega, publicou *Poemas de ti e de min*, xunto co seu irmán Emilio, dirixiu as escavacións arqueolóxicas de Vigo, fundou dúas editoriais: Monterrey e Castrelos, colaborou en programas radiofónicos, escribiu o libro de poemas *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa filla Colorín, concedéronlle o Premio López Cuevillas da cidade de Lugo...

No ano 1966 trasladouse, xunto coa familia, ao Principado de Asturias, para traballar como axente de vendas e publicista.

Á súa volta a Vigo crea dúas novas coleccións que van ser moi populares: O Moucho e Pombal.

Dentro da colección O Moucho publica *O Catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal, que chegará a ser o primeiro supervendas da literatura galega, e *A Pega Rabilonga*, un conxunto de relatos da súa propia autoría.

No ano 1979, decide vender Edicións Castrelos, que é adquirida pola Editorial Galaxia.

Xunto con Álvaro Cunqueiro dirixe, en 1980, un libro colectivo sobre a historia de Vigo que é financiado pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

A primeiros de marzo de 1985 faleceu no Xeral de Vigo. Polo seu labor como editor e pola súa defensa da lingua e a cultura galegas, a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras, o 17 de maio de 2008.



Xosé María Álvarez Blázquez
Caricatura de Xabier Domínguez



O Catecismo do labrego foi o primeiro supervendas da literatura galega. Editáronse trinta mil exemplares ao longo de tres anos.

1.- FALANDO DE XOSÉ MARÍA

Cando e onde naceu Xosé María Álvarez Blázquez?

.....

En que partido político militou?

.....

Que dúas editoriais fundou?

.....

Cal é o título do primeiro «supervendas» da literatura galega?

.....

Cal é o título do libro de poemas dedicado á súa filla Colorín?

.....

2.- DE VIAXE

Relaciona, coloreando da mesma cor, cada un destes lugares con algún acontecemento na vida de Xosé María Álvarez.

Traballou como axente de vendas e publicista.

SANTIAGO

Estivo desterrado pola súa militancia política.

Estivo destinado no seu Hospital Militar.

Foi o seu Cronista Oficial e Comisario de Escavacións Arqueolóxicas.

CORESES

Naceu un catro de febreiro de 1915.


ASTURIAS

TUI

VIGO

3.- ENCRUCILLADO

Resolve este encrucillado relacionado coa vida e a obra de Xosé María Álvarez Blázquez.



HORIZONTAIS

- 1.- Principado no que estivo traballando Xosé María.
- 2.- Segundo nome da súa muller.
- 3.- Cidade da que foi nomeado Cronista Oficial.
- 4.- Editorial que lle mercou os fondos de Edicións Castrelos.
- 5.- Nome polo que chamaba á súa filla maior.
- 6.- Cidade na que fixo os estudos de Maxisterio.
- 7.- Mes no que faleceu Xosé María.
- 8.- Un membro destacado do Partido Galeguista, curmán de Xosé María.
- 9.- Cidade na que se lle concedeu o Premio López Cuevillas.
- 10.- Nome dunha editorial creada por Xosé María.
- 11.- Día do mes de maio no que se celebra o Día das Letras Galegas.
- 12.- Autor co que dirixiu unha historia de Vigo e que foi financiada pola Caixa de Aforros.
- 13.- Vila na que naceu Xosé María un 4 de febreiro de 1915.
- 14.- Tipo de empresa dedicada á edición de libros.
- 15.- Provincia na que foi desterrado durante a Guerra Civil española.

4.- O PREGÓN DE SAN TELMO DE 1979

No ano 1979 escribe Xosé María un pregón en verso, para as festas patronais de San Telmo, no que lle fai ao santo diversas peticións e, entre elas, figura unha referida ao uso do noso idioma.

Que tódalas xentes nosas
leven gravado no peito
a orgulleza de ser nados
en Galicia, árdelle o eixo,
e que falen a cotío
o noso idioma galego
no que falaron os reises
e os poetas de outro tempo
e que padeceu máis tarde
sañudo persegemento.

¡Rico tesouro salvado
das furnas do esquecemento
polos rexo labradores,
polos fortes mariñeiros,
por artistas e artesáns,
por esforzados obreiros,
que gardaron as palabras
como a nai garda o seu neno
frente os dentes regañados
de ladróns e raposeiros!

Fragmento

*A que se refire o poeta cando fala de que o noso idioma foi perseguido?

.....

*Que motivos pode haber para perseguir un idioma?

.....

*Quen gardou, ao longo do tempo, o uso do idioma galego?

.....

*Colorea, entre todas estas medidas, as tres que consideres máis importantes para promover e difundir un idioma. Ocorréselle algunha outra? Escríbea.

QUE O EMPREGUEN OS POLÍTICOS

QUE O FALEN OS RAPACES E RAPAZAS

QUE SEXA O IDIOMA OFICIAL DO PAÍS

QUE HAXA VIDEOXOGOS NESE IDIOMA

QUE SE ENSINE NA ESCOLA

QUE LLELO FALEN OS PAIS AOS FILLOS E FILLAS

QUE O EMPREGUEN NA PUBLICIDADE

QUE HAXA PELÍCULAS NESE IDIOMA

QUE O USEN OS MEDIOS DE COMUNICACION

QUE O APRENDAN OS QUE VEÑEN DE FÓRA

QUE


A Pega Rabilonga e outras historias de tesouros, de Álvarez Blázquez, foi publicada no número 20 da colección O Moucho, de Edicións Castrelos, no ano 1971. O volume está composto por cinco relatos: «A Gavilla», «A Pedra», «A Esmeralda», «A Furna» e «A Pega Rabilonga» que lle dá título ao libro e da que podedes ler os seus primeiros parágrafos.

A Isidoro Millán G.-Pardo

Misia Catalina quedárase soliña no pazo de Valado. Todos se foran indo desta vida, e misia Catalina xa non tirou a roupa de loito dende que, aos trinta e cinco anos, puxera as toucas da viudés. Pasáronse outros trinta e cinco outonos e, coas vidas dos seres queridos, tamén se foran terras e riquezas. Houbo que gastalo en meiciñas, sanatorios, enterros e misas. As derradeiras xoias -os pendentes e o aderezo que levaba postos o día que casou- mercáralas Pepe de Caitana cando volveu de Montevideo coaquil coche cor vermella, que tantas galiñas esmagou na aldea. Ben é verdade que o Pepe pagábaas a peso de ouro.

-Toma, aí tes corenta pesos pola galiña, e aínda podes facer un caldo coela, que non che quedou tan estragada.

Un día que matou un galo deu cincuenta pesetas polo cadavre. Xa era sabido que a xente lle xotaba as galiñas diante do coche, sen que se decatase. Houbo quen acabou co curral, e foi mercar novas vítimas á feira de Caldas. O día que Pepe da Caitana se despediu de todos foi unha grande pena na aldea, e iso que convidou a roscas e sidra El Gaitero. A muller de Pepe lucía as alfaias de misia Catalina.



XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ
A pega rabilonga (fragmento)

5.- COMPRENSIÓN DO TEXTO

1.- Por que quedou Misia Catalina soa no seu pazo do Valado?

.....

2.- Que lle ocorreu a Catalina cando tiña trinta e cinco anos?

.....

3.- Que idade terá agora Catalina?

.....

4.- Por que quedou sen terras nin riquezas?

.....

5.- Quen mercou as últimas xoias que lle quedaban?

.....

6.- De onde viña Pepe de Caitana?

.....

7.- Que engano lle facían os veciños a Pepe?

.....

8.- Cres que Pepe tiña moitos cartos? Por que o cres?

.....

9.- Que lle pasou a Misia Catalina aos 35 anos?

.....

10.- Por que a xente da aldea quedaba apenada ao marchar Pepe?

.....





11.- Canto pagaba Pepe por cada galiña esmagada? E por un galo?

.....

6.- A BANDA DESEÑADA

Resume o conto de Pepe de Caitana en catro frases, escríbeas e debuxa as viñetas.


PEPE DE CAITANA E AS GALIÑAS



7.- CADA UN NO SEU PAÍS

Busca na sopa de letras os países e xentilicios masculinos que faltan no recadro, despois completa o cadro cos xentilicios femininos.


Arxentina	▶		▶	
.....	▶	Colombiano	▶	
Marrocos	▶		▶	
.....	▶	Romanés	▶	
Bosnia	▶		▶	
.....	▶	Nixeriano	▶	
Ucráína	▶		▶	
.....	▶	Uruguaio	▶	
Alxeria	▶		▶	
.....	▶	Brasileiro	▶	
China	▶		▶	



B	B	E	U	O	P	U	Ñ	I	L	T
R	O	F	I	U	C	R	A	I	N	O
A	S	R	S	D	G	U	L	V	I	A
S	N	L	H	Z	B	G	X	M	X	R
I	I	C	N	E	C	U	E	B	E	X
L	A	V	F	S	U	A	R	M	R	E
F	C	Z	X	H	F	I	I	C	I	N
C	O	L	O	M	B	I	A	P	A	T
F	T	H	V	C	H	I	N	E	S	I
R	O	M	A	N	I	A	O	U	I	N
M	A	R	R	O	Q	U	I	M	R	O

8.- EU TAMÉN SON POETA

Seguimos facendo poesías? Verás, só tes que ler os versos da esquerda, que son de Xosé María Álvarez, do seu libro *Roseira do teu mencer*, e despois construír o teu poema completando os ocos que faltan no poema da dereita.



Por _____ anda _____

a _____

a _____,

a _____,

coma _____

que _____.

Anda, _____, _____

que a nena xa _____...

9.- ESTIRANDO VERSOS

Seguindo a estrutura de dous versos dun poema de *Roseira do teu mencer*, vas continuar o poema estirando os versos coa mesma estrutura de pregunta e resposta e cambiando o verbo e, como non, a resposta.

A ver, mamá,
a túa neniña que cociñará?

-Unhas lentellas e bolos de pan.

A ver, mamá,
a túa neniña que escribirá?

-_____.

A ver, mamá,
a túa neniña que _____?

-_____.

A ver, mamá,
a túa neniña que _____?

-_____.

10.- QUE SABES DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ?


1.- Aquí tes varias caricaturas de catro autores galegos: Alfonso Rodríguez Castelao, Rafael Dieste, Ramón Cabanillas e Xosé María Álvarez Blázquez.

Serás quen de indagar quen é cada un deles seguindo estas catro pistas?

- O que non leva lentes, leva gravata e a cabeza cuberta é Ramón Cabanillas.
- O de bigote e lentes é o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2008.
- O de lentes e que non ten bigote é Alfonso R. Castelao.
- O que non leva chapeu, nin boina, nin lentes é Rafael Dieste.



2.- Xa sabes que Xosé María foi, entre outra moitas cousas, editor. Creou dúas editoriais e varias coleccións literarias. Risca neste rebumbio de editoriais e coleccións as que non teñen relación con Xosé María e colorea as catro que si teñen relación.



3.- Relaciona, mediante cores iguais, as cifras e os feitos ou os datos relacionados coa vida de Xosé María Álvarez Blázquez

